



Faros da Sociedade da Información

Declaración de Alexandría sobre a alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida

Ao confirmarse esta semana a situación exacta do Faro de Alexandría, unha das marabillas do mundo antigo, os participantes do Coloquio de Alto Nivel sobre a Alfabetización Informacional e a Aprendizaxe ao longo da vida, realizado na Biblioteca de Alexandría entre o 6 e o 9 de novembro de 2005, proclaman que a alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida son os faros da Sociedade da Información que iluminan o curso cara ao desenvolvemento, a prosperidade e a liberdade.

A alfabetización informacional xace no centro da aprendizaxe ao longo da vida. Capacita as persoas de todas as condicións sociais para buscar, avaliar, usar e crear información de forma eficaz co fin de alcanzar os seus obxectivos persoais, sociais, ocupacionais e educativos. É un dereito humano básico no mundo dixital e promove a inclusión social de todas as nacións.

A aprendizaxe ao longo da vida permítelles aos individuos, ás comunidades e ás nacións lograr os seus obxectivos e obter vantaxes das oportunidades que xorden para compartir beneficios nun ambiente global en constante evolución. Axuda as persoas e as institucións a afrontar os retos tecnolóxicos, económicos e sociais para remediar as desvantaxes e mellorar o benestar de todos.

A alfabetización informacional:

- Comprende as competencias para recoñecer as necesidades de información e localizar, avaliar, aplicar e crear información en contextos culturais e sociais.
- É crucial para as vantaxes competitivas dos individuos, das empresas (especialmente as pequenas e medianas), das rexións e das nacións.
- Proporciona a clave para un eficaz acceso, uso e creación de contidos que dan apoio ao desenvolvemento económico, á educación, á saúde e a outros servizos para a poboación, e a outros aspectos das sociedades contemporáneas e, polo tanto, proporciona o principio vital para satisfacer os obxectivos da Declaración do Milenio e o Cumio Mundial da Sociedade da Información.
- Vai máis alá das actuais tecnoloxías para abranguer a aprendizaxe, o pensamento crítico e as habilidades de interpretación cruzando as fronteiras profesionais, e capacita os individuos e as comunidades.

Dentro do contexto da Sociedade da Información en desenvolvemento, solicitámoslles encarecidamente aos gobernos e ás organizacións intergubernamentais que busquen políticas e programas para promover a alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida. En particular pedímoslles que apoiem:

- Reunións rexionais e temáticas que faciliten a adopción de estratexias de alfabetización informacional e aprendizaxe ao longo da vida en rexións e sectores socioeconómicos específicos.
- Desenvolvemento profesional do persoal que traballa na educación, nas bibliotecas, na información, nos arquivos, na saúde e nos servizos, segundo os principios e prácticas da alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida.
- Inclusión da alfabetización informacional na educación básica e continua en sectores económicos chave, na elaboración de políticas gubernamentais e na administración, así como na práctica do asesoramento aos sectores de negocio, industria e agricultura.
- Programas para aumentar as potencialidades emprendedoras e de emprego das mulleres, dos desfavorecidos/as, incluídos os inmigrantes, os subempregados/a e os desempregados/as.
- Recoñecemento da alfabetización informacional e da aprendizaxe ao longo da vida como elementos fundamentais para o desenvolvemento de capacidades xerais necesarias para a acreditación de todos os programas educativos e de formación.

Afirmamos que un forte investimento en estratexias para a alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida crea un valor público e é esencial para o desenvolvemento da Sociedade da Información.

Adoptado en Alexandría (Exipto), na Biblioteca de Alexandría, o 9 de novembro de 2005.

Tradución feita pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.